

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA A LISTA DE ADMITIDOS, SE NOMEA AO TRIBUNAL CUALIFICADOR E SE FIXA A DATA PARA A SÚA CONSTITUCIÓN E AS PROBAS DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA PRESTAR SERVIZOS DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN CONTABLE E ADMINISTRATIVA NO CONCELLO DE MURAS, DENTRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Vista a Resolución desta Alcaldía de data 24 de xaneiro de 2018, pola que se convoca e se aproban as bases que rexerán o proceso para a selección de persoal laboral temporal para prestar servizos como Técnico/a de Xestión Contable e Administrativa no Concello de Muras dentro do programa Depuemprego da Deputación Provincial de Lugo, publicada no Boletín Oficial da Provincia número 34, de 10 de febreiro de 2018.

Vista a base 11, parágrafo 1, que sinala que *“rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web”*.

Vista a base 12, que sinala *“(…) as persoas que integren o Tribunal, así como os asesores e colaboradores serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web”*.

Esta Alcaldía, en uso das facultades que lle confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

1º. Aprobar a seguinte **lista de admitidos** ao proceso selectivo:

Nº	APELIDOS E NOME
1	GARABAL NIEVES, ANA
2	RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL
3	SEIJO GARCÍA, SUSANA

2º. Nomear aos membros do Tribunal Cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

**PRESIDENTE:**

**Titular:** Don Manuel García Mel, Xefe do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

**Suplente:** Don Xesús Arrizado Yáñez, Licenciado en Ciencias do Traballo do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

**VOGAIS:**

**Titular:** Don Fernando Seijas Puga, Xefe do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.

**Suplente:** Dona Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación Provincial de Lugo.

**Titular:** Dona Ángeles Rivas Vázquez, Xefa da Sección de Contabilidade e Contas do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.

**Suplente:** Dona Pilar Piñeiro Vázquez, Técnico de Xestión do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación Provincial de Lugo.

**Titular:** Dona Pilar Ferreiro Martínez, Técnico de Xestión da Unidade de Selección, Promoción e Carreira do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

**Suplente:** Dona Julia Vázquez Silvarrey, Técnico de Xestión da Unidade de Promoción Económica e Emprego da Deputación Provincial de Lugo.

**SECRETARIO/A:**

**Titular:** Don Manuel Castiñeira Castiñeira, Xefe do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

**Suplente:** Dona Margarita Tarrío Álvarez, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación Provincial de Lugo.

**COLABORADORA:** Dona Ana Losada Real, Xefa da Unidade de Selección e Promoción de Carreira do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo.

3º. CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL PARA QUE COMPAREZAN NO SALÓN AZUL DA DEPUTACIÓN DE LUGO O **MARTES 27 DE FEBREIRO DE 2018, ÁS 10 HORAS E 30 MINUTOS**, PARA A SÚA CONSTITUCIÓN.

4º.- CITAR AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E MÁIS AOS ASPIRANTES PARA QUE COMPAREZAN NA CASA DO CONCELLO DE MURAS PARA A REALIZACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS O **MARTES 6 DE MARZO DE 2018, ÁS 10 HORAS**.

DEBIDO Á URXENCIA DA INCORPORACIÓN DOS EFECTIVOS, O TRIBUNAL PODERÁ ACORDAR CELEBRAR O RESTO DAS PROBAS SEN REALIZAR A CITACIÓN AOS ASPIRANTES CUN PRAZO DE 48 H DE ANTELACIÓN (BASE 13).

PARA A REALIZACIÓN DA PROBA PRÁCTICA, e no caso de que o Tribunal acorde autorizar a utilización dos mesmos, os aspirantes poderán vir provistos de Textos Legais dos cales se poderán servir para o seu desenvolvemento, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples sempre que non inclúan ningunha outra información, comentario doutrinal ou referencia xurisprudencial. Así mesmo, estará expresamente prohibida a utilización de libros de consulta, temarios, informes ou ditames de calquera tipo. O manexo de textos normativos distintos dos permitidos determinará a expulsión do aspirante.

5º.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Muras.

O prazo de presentación de alegacións á lista provisional será de 2 días naturais a contar dende a publicación da presente resolución no Taboleiro de Edictos do Concello de Muras (Base 11).

De non existir alegacións á lista provisional, ou se os fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación (Base 11).

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello ou recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Muras, 23 de febreiro de 2018.

O ALCALDE,



Don Manuel Requeijo Arnejo.